

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproba o baremo de méritos autonómicos para os efectos do concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o ano 2023

De conformidade co establecido na base quinta, letra J), apartado 4, da Resolución, do 29 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración Local con habilitación de carácter nacional para o ano 2023, na que se dispón que ao día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial do Estado da devandita resolución (Boletín Oficial do Estado nº. 14, do 16 de xaneiro), farase pública na páxina web e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia o baremo de méritos autonómicos de persoal funcionario habilitado nacional que exercese na Comunidade Autónoma de Galicia ou que remitise algún mérito para a súa inscrición no mesmo, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar o baremo de méritos autonómicos de persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional que figura como anexo a presente resolución e que será de aplicación supletoria para os efectos do concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional convocado por Resolución do 29 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública.

Segundo.- Dar publicidade ao mesmo de conformidade co disposto na base mencionada na páxina web (<https://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

